



**Resolución do 18 de setembro de 2020 pola que se nomea o tribunal que deberá cualificar o proceso de selección para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do Programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias Humanas e Sociais**

Por Resolución do 23 de xuño de 2020 ( DOG núm. 158,do 7 de agosto) anunciouse a convocatoria para a cobertura de un posto de persoal investigador distinguido para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación, no marco do Programa Oportunius dentro do Dominio ERC de Ciencias Humanas e Sociais

O artigo 8 das bases reguladoras desta convocatoria establece que o Tribunal de Selección nomearase por resolución da dirección da Axencia Galega de Innovación. En virtude do anterior, esta dirección:

## DISPÓN

Nomear membros do Tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para a cobertura do posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC no marco do Programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Humanas e Sociais, ás seguintes persoas:

Presidencia:

Rubén Camilo Lois González, catedrático de Análise Xeográfica Rexional da Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais:

Maria Loureiro García, catedrática de Fundamentos da Análise Económica na Facultade de CC. Económicas na Universidade de Santiago de Compostela

Marco Virgilio García Quintela, catedrático de Historia Antiga na Universidade de Santiago de Compostela.

Secretaría, con voz pero sen voto:

Benito R. Fernández Rodríguez, director da Área de Xestión da Axencia Galega de Innovación

Asinado electrónicamente, en Santiago de Compostela,

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

